



NORMATIVA SOBRE O USO DO MÓBIL

O incremento do uso dos móbiles como ferramenta de traballo na aula é un feito constatable, por este motivo o centro decidiu modificar o NOFC (Normativa de Organización, Funcionamento e Convivencia) e permitir ao alumnado traer o móbil ao instituto.

As modificacións obrigan ao cumprimento das seguintes normas baseadas na Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa e o decreto 8/2015 que a desenvolve.

Lei 4/2011

Artigo 11.3 O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares. O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

Decreto 8/2015

Artigo 19.4 Así mesmo, prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos. Excepcionalmente, os centros poderán establecer normas para a correcta utilización como ferramenta pedagóxica.

1. Non está permitido ter o móbil aceso durante o horario escolar en todo o recinto do centro. Ditos dispositivos, deberán estar correctamente apagados e gardados.
2. No caso de que sexa necesario o uso do móbil nalgunha materia como ferramenta de traballo será baixo a responsabilidade do profesorado pertinente.
3. Nin o IES Urbano Lúgrís nin ningún membro da comunidade educativa se fará responsable das perdas ou subtraccións que dos mesmos puideran producirse, sendo o propietario o único responsable.
4. Os teléfonos móbiles dos alumnos que incumpran o punto nº 1 ou non sexan utilizados no centro baixo a responsabilidade dun profesor/a, serán recollidos por Xefatura de Estudos e devoltos como indica a **Lei 4/2011 Artigo 11.3** anteriormente mencionada e o alumno/a será amonestado.
5. A reincidencia é un motivo de falta grave que implicará un expediente disciplinario.
6. No caso de que algún membro da comunidade educativa fora obxecto de fotografías ou gravacións non consentidas, o centro poderá poñer os feitos en coñecemento das autoridades pertinentes, ademais de aplicar as correccións correspondentes ás condutas contrarias ás normas de convivencia do centro.
7. Durante as actividades complementarias ou extraescolares realizadas fóra do centro poderán usarse os teléfonos móbiles e outros aparatos electrónicos unicamente se o autoriza o profesorado responsable da actividade.

Malpica de Bergantiños, setembro de 2023

A Dirección